

**Cédula do 31 de xaneiro de 2019, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se notifica o acordo de inicio do expediente sancionador núm. 2018593TA-PO, por infracción en materia sanitaria.**

O 20 de decembro de 2018 a xefa territorial de Pontevedra ditou acordo de inicio do expediente sancionador núm. 2018593TA-PO contra a persoa titular do DNI 76871568W.

Tras intentar a notificación deste acordo consonte o artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non puido practicarse, polo que mediante esta cédula notifícaselle á persoa titular do DNI 76871568W o contido do dito acordo, que figura no anexo, segundo o disposto no artigo 44 da dita lei, para o seu coñecemento.

Así mesmo, fáiselle saber o dereito que o asiste, ao abeiro do disposto no artigo 76 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a presentar alegacións ante esta xefatura territorial no prazo de 15 días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación desta cédula, lembrándolle o seu dereito a consultar o expediente, depositado nas dependencias desta xefatura, sita en Pontevedra, no Edificio Administrativo da Xunta de Galicia, Avenida María Victoria Moreno, núm. 43 - 1º andar, e obter, se é o caso, copia del, segundo o previsto no artigo 53.1 a) da dita lei.

Notifícaselle tamén que, de non efectuar alegacións sobre o contido do dito acordo no citado prazo, o acordo de inicio poderá ser considerado proposta de resolución cando conteña un pronunciamento preciso acerca da responsabilidade imputada, consonte o artigo 64.2 f) da Lei 39/2015.

Advírteselle de que antes da resolución do procedemento ten dereito ás reducións establecidas no artigo 85 da Lei 39/2015.

Esta cédula expídese para que conste e lle sirva de notificación ao interesado, en cumprimento do disposto no artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Así mesmo, faise constar que a eficacia da notificación quedará supeditada á súa publicación no TEU do BOE.

Pontevedra, 31 de xaneiro de 2019

A xefa territorial  
Ángeles Feijoo-Montenegro Fernández





## ANEXO

Número de expediente: 2018593TA-PO.

DNI da persoa denunciada: 76871568W.

Feito imputado: Suposta infracción do previsto na Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco, modificada pola Lei 42/2010, do 30 de decembro. Artigo 7.u): *“Prohíbese fumar en: u) Bares, restaurantes e demais establecementos de restauración pechados”*.

Tipificación: Unha infracción administrativa tipificada como leve no artigo 19.2.a) da Lei 28/2005, do 26 de decembro de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco, modificada pola Lei 42/2010, do 30 de decembro: *“Consideraranse infraccións leves: a) Fumar nos lugares nos que existe prohibición ou fóra das zonas habilitadas para o efecto”*.

Sanción proposta: trinta euros (30 €).

